



**BASES COMPLEMENTARIAS CICLOS SUPERIORES  
CIFP A CARBALLEIRA - MARCOS VALCÁRCEL  
MOBILIDADE DE ALUMNADO PARA PRÁCTICAS  
(REALIZACIÓN FCT NO ESTRANXEIRO)  
MARZO-XUÑO 2021  
SETEMBRO-DECEMBRO 2021**

Convocatoria selección **ERASMUS+ 2020-2021**

Nº de PROXECTOS:

2020-1-ES01-KA103-079919

2019-1-ES01-KA103-060311

2018-1-ES01-KA103-048809

CONVOCATORIA PARA A ASIGNACIÓN DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA  
REALIZAR  
PRÁCTICAS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+.

**BASES COMPLEMENTARIAS**

Complemento ás Bases publicadas polo Consorcio FP Sup. Ourense-Europa, para a Convocatoria de asignación de bolsas de mobilidade de alumnado para realizar prácticas no marco do Programa Erasmus+:

**1. PAÍSES DESTINO OFERTADOS POLO CIFP A CARBALLEIRA - MARCOS VALCÁRCEL**

Ofertarase en función das empresas ou institucións colaboradoras de que dispoña para cada unha das especialidades impartidas.

Por outra banda, o alumnado participante poderá promover, individualmente o con axuda do seu departamento, a realización de convenios con empresas do seu interese que será valorado pola Xefatura do Departamento correspondente xunto co Comité de Selección. Para isto deberá presentar "Compromiso de acollida da empresa" no estranxeiro (Anexo II das bases de convocatoria) ou ben calquera outra proba documental que sexa considerada suficiente segundo o criterio do comité de selección.



## **2. A COMISIÓN DE SELECCIÓN ESTARÁ FORMADA POR:**

---

- Presidenta: A Directora ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
  - A coordinadora de programas europeos.
  - Dous membros do equipo directivo do centro.
- Secretario: Xefe de información e orientación profesional.

Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

## **3. BAREMO DOS CRITERIOS DE SELECCIÓN DO ALUMNADO.**

---

O comité de selección ordenará as solicitudes recibidas entre o seu alumnado, aplicando os seguintes criterios:

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo.

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 4 puntos).

A competencia lingüística valorarase segundo os niveis cursados nas Escolas Oficiais de Idiomas ou segundo o Marco Común Europeo de referencia para as linguas.

Nota: un mesmo idioma non poderá sumar puntuación en máis dun apartado.

- C1, superior (MERL) ou lingua materna: Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: 4 puntos.
- B2 (MERL): Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: 3 puntos.
- B1 (MERL): Inglés ou no idioma no que desenvolva a mobilidade na empresa/institución: 2 puntos.



- Nota media superior a 8 do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo: 1 punto.

### 3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Este informe do equipo asinado polo titor terá a opción de declarar NON APTO se ao seu xuízo unha das persoas solicitantes non reúne os requisitos necesarios para participar nunha mobilidade internacional.

### 4. “Compromiso de acollida da empresa no estranxeiro” para a realización da mobilidade (máximo 5 puntos).

A idoneidade de dita empresa como entidade de acollida do alumnado será valorada polo departamento correspondente.

Poderá ser válido outro documento distinto ao Anexo II da convocatoria sempre e cando o xefe de departamento e a comisión de selección considere dito documento como acreditativo da empresa ou institución de acollida do solicitante.

### 5. Outros.

No reparto de prazas terase en conta unha distribución proporcional por ciclos. É dicir, se houbera solicitantes de varios ciclos, ordenarase o listado de adxudicación tendo en conta os mellores baremos por cada ciclo (un de cada ciclo). Unha vez ordenado o listado dos mellores por cada ciclo, os restantes solicitantes seguirán a orde de maior puntuación na baremación.

O alumnado que xa teña sido beneficiario dalgunha bolsa de mobilidade do CIFP A Carballeira- Marcos Valcárcel na mesma etapa educativa, será colocado en última posición (aínda que teñan unha puntuación superior). Este alumnado poderá acceder ás mobilidades, no caso de que non houbera outras candidaturas ou se as persoas que están por diante renuncian a elas.

En caso de empate nas puntuacións, terán preferencia as persoas con maior nota media no expediente académico.



#### 4. RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

---

A Comisión de Selección **publicará a partir do día 20 de xaneiro do 2021** a acta de resolución definitiva na web do CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel.

#### 5. REQUISITOS PARA OBTENER A BOLSA DE AXUDA

---

A percepción da bolsa de axuda adxudicada precisará:

- ✓ Aprobalos módulos que permitan o acceso a FCT.
- ✓ Cumprimentalas probas de idiomas que lle competan.
- ✓ Cumprimentar e enviar o cuestionario UE o final da mobilidade (EU Survey).
- ✓ Presentar a documentación e certificados correspondentes ao final da mobilidade.
- ✓ Cumprimento dos requisitos recollido na Resolución do 26 de agosto de 2019.

Nota: A percepción da axuda sempre irá ligada á existencia dunha empresa acorde e idónea para acoller o alumno e a realización das prácticas no período establecido.

#### 6. RESPONSABILIDADE DE CUMPRIR COA NORMATIVA DA MOBILIDADE

---

No caso de ser seleccionado/a, ten a responsabilidade de realizar a estadía no centro ou empresa de destino segundo a normativa correspondente, agás causa xustificada que me impida realizar a referida estadía.

Ourense, 1 de decembro do 2020

D<sup>a</sup>. Marta Vázquez Guzmán  
Directora do CIFP A Carballeira - Marcos Valcárcel de Ourense